

## REUNIÓN DE UGT COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Santiago de Compostela 24/08/22

O venres día 19, UGT mantivo reunión cos responsables da Consellería do Medio Rural. A mesma fora solicitada o día 11 de agosto UGT co fin de dar traslado de determinadas **cuestións** que considerabamos **urxentes**, ante a situación que estamos a padecer ao longo deste verán, entre as cuestións tratadas están as seguintes:

### **Prolongacións de xornada realizadas en extinción, compensación das mesmas.**

UGT solicita a **compensación dos excesos de xornada**, incluídas as prolongacións das mesmas, tal como se recolle no VCCU. Destacamos o traballo realizado polo persoal do SPIF na extinción dos lumes que se veñen producindo de xeito reiterado na Comunidade desde principios do mes de xullo, e o seu compromiso co servizo, encadeando xornadas de 12 horas en extinción. Asemade comunícaselle á DX que unha vez que o persoal chegue ao seu límite de horas de prolongación (6 meses 40h., 9 meses 60h e 12 meses 80h ), deberán facer só a quenda ordinaria de 8 horas.

A Consellería recoñece e valora o traballo realizado e felicita a implicación do persoal, no mesmo sentido que a semana pasada o trasladou o propio Conselleiro a esta Organización. Comunican que as horas de prolongación de xornada van a compensalas que están estudando o xeito de facelo, valorando que parte das mesmas o sexan de forma retribuída.

UGT solicita que se **consensúe cos representantes dos traballadores** e que se elabore unha **instrución** dende a DXDM para que se execute **do mesmo xeito en toda a Comunidade**. Asemade solicita que; no caso de que parte das prolongacións devólvanse en xornadas, estas sexan consensuadas co traballador na medida do posible.

### **Desprazamentos e quendas compatibles coas xornadas en extinción.**

UGT expón que o persoal esta facendo **desprazamentos moi longos, mais de 400 km diarios** en traxectos de ida e volta ao que hai que **engadir os feitos en extinción**, en ata **4 xornadas consecutivas** de traballo. Indica que este sistema de quendas non é o adecuado para o traballo de extinción a realizar, e necesario a revisión e actualización do sistema de quendas.

A Consellería informa que cree necesario dito cambio cara a outro que permita unha mellor operatividade e flexibilidade no Servizo, pero que ao actual sistema de negociación coas OOSS, a través da obrigada negociación pola vía do Acordo contido no Convenio Colectivo, debe ser modificado atendendo á inclusión das OOSS non asinantes do Convenio.

A este respecto UGT comparte que debe formularse un novo foro ou mesa de negociación que aglutine a toda a representación sindical, recoñecendo e acatando a sentenza que así o indica, neste sentido avogamos pola creación dunha **mesa delegada da Mesa Xeral, específica para o SPIF**.

UGT comunica que estamos **abertos a negociar as propostas** que poñan sobre a mesa, que tamén **achegará a propia no marco da negociación das condicións de traballo das escalas que se van a funcionarizar** e que traslada tamén propostas dos propios traballadores que son desoídas polas xefaturas competentes. Asemade cree que o sistema de quendas actual, tal como se están desenrolando os incendios, pon nun risco que se pode evitar ao persoal.

## Coordinación nos lumes. Análise posterior dos mesmos co persoal implicado na extinción (persoal técnico, axentes, bombeiros forestais das distintas categorías).

UGT propón que se faga unha **análise posterior aos lumes** no que se inclúa a unha representación do persoal das **distintas categorías que participaron na extinción**, buscando aprender dos erros e acertos. Creemos que aportaría un valor engadido ao feito en extinción, sendo un traballo de futuro cara a revisión dos distintos protocolos operativos.

A Consellería contesta que xa se están a realizar a nivel técnico e que valorarán a nosa proposta de incorporación doutro persoal.

## Cobertura dos postos de traballo no operativo. Brigadas helitransportadas.

UGT reclama a **cobertura dos postos de traballo vacantes e non vacantes do SPIF**, non pode ser co número de incendios que temos na actualidade o servizo teña postos sen cubrir, brigadas con 1 ou 2 compoñentes, Motobombas paradas, puntos de vixilancia non operativos, centros de coordinación con carencias de persoal. Solicitamos tamén a cobertura das baixas por enfermidade.

UGT reitera, unha vez máis, a necesidade de retornar a que a parte externalizada do SPIF, creando as brigadas helitransportadas dentro do Servizo e que actualmente están a ser contratadas con empresas externas, nas que as condicións de traballo e salariais, así como os EPIs dos que os dotan as empresas, deixan moito que desexar.

## Paso de 9 a 12 meses, aumento do tempo de traballo do persoal de 6 meses.

UGT solicita, tal como está orzamentado dende fai dous anos, o paso do **persoal de 9 a 12 meses**. Asemade esperamos que se concrete o anuncio do **aumento do tempo de traballo** do persoal do SPIF, entendemos que do **persoal de 6 meses**.

A Consellería responde que está a espera do **proceso de funcionarización** para o paso de 9 a 12 meses. Respecto ao persoal de **6 meses ve necesario un aumento do tempo de traballo** para afrontar unha **formación profesional adecuada** e a realización dos **mantementos das infraestruturas propias**.

## Formación aberta para todo o persoal do SPIF.

UGT solicita unha **maior oferta formativa** de cara a unha especialización e profesionalización do SPIF, unha formación aberta a todo o persoal.

A Consellería contempla a formación como un pilar básico para o persoal do SPIF e incide na falta de tempo para realizar toda a que desexa.

## Estatuto básico dos bombeiros forestais.

UGT expón que está a participar na redacción do Estatuto básico dos bombeiros forestais a nivel nacional e que, segundo nos consta, solicitáronse aportacións ás comunidades autónomas, instamos a que a Xunta participe neste proceso e que realice as súas achegas ao documento.

## Departamento de Protección Forestal de AGACAL.

UGT solicita a inclusión do **equipo de traballo do departamento de Protección Forestal do CIF de Lourizán** que se dedica á avaliación, prescrición de tratamentos e restauración de solos forestais queimados, dentro do **organigrama da Dirección Xeral de Defensa do Monte**.